



NORMATIVA DEL CENTRO

Normativa aplicable: Artigo 27 do Decreto 254/2011, do 23 de Decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia. Ley 13/2008, do 3 de Decembro, dos servizos sociais de Galicia.

FUNCIONAMENTO

1. Obxectivos da escola infantil

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos/as nenos/as e o aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do/a neno/a.
- Facilitar a conciliación da vida familia e laboral.
- Facilita o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos : cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Respetar a singularidade de cada neno/a e a diversidade.
- Posibilitar a integración dos/as nenos/as na cultura do seu medio.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo un uso axeitado destes.
- Facilitar a inclusión dos nenos/as coas necesidades educativas especiais.
- Educación en igualdade

Estes obxectivos están desenvolvidos no Proxecto Educativo elaborado polo Centro Educativo.

2. Calendario e horarios de funcionamento

A escola infantil “Mi primer paso” prestará os seus servizos doce meses o ano, de luns a venres en horario de 8:00 a 20:00 (este horario poderá ser modificado en función das necesidades do centro) *exceptuando*:

- 24 e 31 de decembro permanecerá pechada.
- Día 5 de xaneiro pechará ás 15:00.
- No mes de xullo o horario reducirase dende as 8:00h ás 17h
- No mes de Agosto de 8:00 a 15:00
- Os tres últimos días laborais de Agosto permanecerá pechada.



Serán festivos da escola os establecidos no calendario laboral polo Estado, a comunidade autónoma e os festivos locais que aproba cada ano a Corporación Local e que se trasladarán por circular ós/ás usuarios/as do centro.

3. Servizos complementarios

Comedor: Horario 12:30 – 13:30 de 0 - 3 anos.

Merenda.: Horario 16:30 a 17:00.

Iniciación á lingua inglesa

Comedor: 14:15h a 15:30h de 3 - 6 anos de idade.

Ludoteca: Horario de 15:00 – 20:00 para nenos e nenas de 3 a 6 anos.

4. Actividades complementarias

Tódalas actividades programadas están recollidas no **calendario de programación anual**, poden sufrir variacións por motivos xustificadas, nese caso se avisará mediante circular co tempo requerido para realizar as modificacións necesarias.

MATRICULACIÓN E INGRESO NO CENTRO

1. Documentación a presentar

- Fotocopia do libro de familia ou DNI do/a neno/a.
- Fotocopia do D.N.I ou pasaporte dos pais/nais ou tutores do alumno/a.
- Inscripción cós datos do/a alumno/a.
- Certificado médico de non padecer enfermidades infecto-contaxiosas do/a neno/a e libreta de vacinas.
- Tres fotografías tamaño carné.
- Número de conta.
- No caso dalgunha discapacidade ou enfermidade alegada polos membros da unidade familiar, certificado expedido polo organismo correspondente.
- Outros documentos, se procede, nos que conste incidencias familiares, económicas e sociais susceptibles a ter en conta.



2. Prazo de presentación e procedemento de ingreso

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do *1 ó 30 de abril*. Nos primeiros días de maio serán expostas as listas de admitidos e de espera no taboleiro de anuncios da escola. Os pais/nais ou titores dos nenos/as matriculados con praza nesta escola presentarán a solicitude de reserva da praza nas oficinas da escola. Nestas mesmas facilitaránselles o impreso correspondente.

Aqueles/as alumnos/as que fosen admitidos/as con anterioridade terán garantizado o acceso a novos cursos, sen necesidade de someterse a ningún proceso de admisión.

3. Sistemas de admisión e baixas

As solicitudes de novo ingreso faranse segundo o modelo que facilita a escola, asinando a aceptación do mesmo e presentarse nas oficinas da escola. Desde as dependencias prestarase a colaboración precisa aos usuarios para cubrir a solicitude co fin de que os datos estean debidamente cumprimentados.

Os requisitos de idade que deberán cumprir os nenos/as serán os seguintes:

- Idade mínima: Ter feito os catro meses na data de ingreso, agás situación específicas.
- Idade máxima: Tres anos.
- Os nenos/as poderán ser usuarios da Escola Infantil ata o momento da incorporación o segundo ciclo de educación infantil.

4. Matriculación dos/as nenos/as

A matriculación realizarase do 1 ao 15 de xuño na escola infantil. Se finalizado o período de matrícula, esta non fose formalizada ou entregada toda a documentación, decaerá o dereito á praza obtida e tampouco quedará en lista de espera.

5. Vacantes

As prazas que sen causa xustificada non se atopen cubertas aos 15 días de iniciado o curso escolar considéranse como vacantes. Durante o curso escolar poderán solicitarse o ingreso no centro, sempre que existan prazas libres.



6. Causas de baixas

Considéranse baixas na escola por algunha das causas seguintes:

- Incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia na escola infantil.
- Por solicitude dos pais/nais ou titores/as avisando ó centro **con 15 días de antelación** sen dereito a solicitar o reembolso da mensualidade.
- Por falta de pagamento da mensualidade durante dous meses consecutivos.
- Por comprobación de falsidade dos datos ou dos documentos achegados ó centro.
- Por incompatibilidade e inadaptación absoluta para permanecer na escola do alumno/a.
- Por incumprimentos reiterados das normas da escola.

As baixas producidas ó longo do curso escolar cubriranse coas solicitudes que estean na lista de espera por rigorosa orde de chegada.

7. O período mínimo de adaptación

O presente regulamento recolle unha serie de medidas que deberán ser postas en coñecemento dos/as pais/nais ou titores/as por parte da dirección do centro, para facilitar todo o proceso de adaptación.

- Incorporación progresiva: Durante a primeira semana ir aumentando pouco a pouco os tempos de estancia e graduar a incorporación dos/as nenos/as en distintos días (cunha idade superior ós 6 meses)
- Evitar todo tipo de manifestacións que poidan transmitir ao neno/a sensación de angustia ou inseguridade relacionadas coa súa asistencia á escola.
- Procurar transmitir expectativas positivas o/a neno/a.
- É recomendable que a **asistencia sexa o máis regular posible**.

A dirección do centro porá en coñecemento da familia todas estas medidas e convidara a expoñer calquera tipo de dúbida ou aclaración en relación có tema.



NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA

A Escola Infantil Mi Primer Paso é un centro autorizado pola Xunta de Galicia para a prestación de servizos de conciliación da vida laboral familiar e neno/as, dende 0- 3 anos de idade.

1. Normas de saúde e hixiene persoal

- Os/as nenos/as non poderán acudir ó centro enfermo/a, deberán permanecer na casa cando teña febre, diarrea, vómitos, enfermidades contaxiosas (papeiras, sarampelo, lombrigas, varicela, piollos, etc.). De aparecerlles calquera destes síntomas na escola será posto en coñecemento dos pais/nais ou representantes legais.
- Non envíen ó/á neno/a se sospeitan de incubación infectocontaxiosa.
- No caso de enfermidade ou accidente, logo das primeiras atencións porase dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais ou representantes legais, se é o caso garantirase a atención médica axeitada e por este motivo, a dirección do centro está autorizada, nestes casos, os desprazamentos necesarios.
- Naqueles casos nos que se deban administrar medicinas ós/ás nenos/as, estes deberán ir acompañadas das receitas médicas actualizadas. Nesta constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, as doses e as horas da administración. Xunto coa receita deberá axuntarse a correspondente autorización por escrito dos pais/nais ou representantes legais.
- A falta de asistencia por un período superior a 3 meses debido a enfermidade ou a outras circunstancias, deberán comunicalo á dirección da escola.

2. Normas de alimentación

- **Alimentación dos bebés menores dun ano de idade:**
 - Adaptarase o menú según as recomendacións dos/as pediatras e das familias. Todos os cambios que se produzan deben ser comunicados a dirección.



- Os bebés que tomen biberón deberán tralo da casa e indicar na axenda a hora da toma coas cantidades correspondente. Así mesmo, a axenda se enviará ás familias todos os días indicando as horas que durmiu, cantidade de deposicións, incidencias, etc.
- Os pais/nais/titores/titoras deberán presentar un informe pediátrico correspondente naqueles casos nos que se deba prestar unha especial atención ó tipo e ó horario da comida. Neste caso a dirección do centro asumirá esta responsabilidade.
- Calquera incidencia relativa ó/á neno/a deberá vir anotada na axenda de comunicación.
- O horario do comedor comeza ás 12:30 horas e conclúe ás 13:30 horas. Está prohibida a introdución de alimentos externos ó centro.
- Os menús enviaranse mensualmente ós/ás nenos/as que coman no centro e se encontrará exposto todo o ano no taboleiro do chef.
- Os/as nenos/as que coman no centro traerán cepillo, pasta de dentes e mandilón co seu nome. Este enviarase todos os venres para lavar a casa. Os bebés deberán traer polo menos dous bibeiros.
- Se un neno/a é alérxico a algún alimento debe facelo constar por escrito a dirección.
- Os servizos eventuais de almorzo ou comida deben notificarse por teléfono ou mail antes das 8:30 da mañá. (escuela@miprimerpaso.es)

3. Normas de vestimenta

- ◆ **Mochila.** Tódolos/as nenos/as deberán traer unha mochila có seguinte contido: Un paquete de cueiros, en caso de utilízalos, que permanecerá na escola ou un mínimo de 5 cueiros diarios, toallíñas de aseo, crema para irritacións e unha botella de auga.
- ◆ **Muda para cambiar os/as nenos/as que non controlen esfínteres:** todos/as os/as nenos/as deberán ter na clase unha bolsa de tea có seu nome, con mínimo de dúas mudas (etiquetadas tamén) que conteña body, pantalóns, camisetas, unha chaqueta e calzado.
- ◆ Os/as que xa controlan esfínteres deberán traer máis dunha muda (dous mínimo) e incluirán calcetíns e zapatos.



- ◆ **As prendas deberán estar marcados co nome e apelido** . No caso de non estar marcadas non podemos responsabilizaranos delas.
- ◆ **É obrigatorio o uso do mandilón para nenos/as das aulas 1-2 anos e 2-3 anos.** Este permanecerá no centro durante a semana e levarase para casa o venres. Poderá adquirirse no centro, os/as pais/nais/titores/titoras encargaranse de poñerlle o seu nome e apelido.
- ◆ Os/as nenos/as deberán traer roupa cómoda, preferiblemente chandal ou pantalóns con elástico e calzado con belcro preferiblemente, non cordóns. **Os pantalóns de peto non están permitidos** xa que dificultan os cambios e impiden a autonomía persoal.
- ◆ **Seguridade dos/as nenos/as.** Non poden traer cadeas, pulseiras ou aneis por risco para os/as nenos/as. **Tampouco permítense o uso de pinzas no pelo.**
- ◆ **Xoguetes.** No centro hai moitos xogos e xoguetes para tódolos/as nenos/as que deben aprender a compartir, polo que non é pertinente que traian os seus xoguetes da casa, que pode ser causa de conflito.

4. Convivencia, uso das dependencias e materiais

- **Puntualidade:** Se respectará o horario elixido, incidindo na hora concertada co centro de recollida do/a neno/a.
- No horario de entrada, procurárase ser puntual, non **demorar a entrada despois das 10:00 horas** (grupo mañá) e das 16:00 horas (grupo da tarde) xa que rompería o ritmo da escola.
- Dentro do posible **non recoller os/as nenos/as antes das 13:00.**
- O tempo de chegada e recollida do/a neno/a no centro deberá ser o estritamente necesario, non alargando o tempo de presenza dos pais/nais/titores/as no centro, xa que isto produce dificultades no proceso normalizado habitual do centro.
- **As persoas que veñan a recoller ós/ás nenos/as deberán agardar na entrada e en ningún momento pasarán ás aulas xa que a presenza de adultos/as dificulta as tarefas educativas das mestras.**
- Se o/a neno/a vai faltar por enfermidade, viaxe... varios días, é necesario avisar o centro.
- No caso de que a persoa que recolla o/a neno/a non sexa a habitual, deberase advertir o centro, xa que non se entregará o neno/a a unha persoa descoñecida, e



ademais deberá estar acreditado anteriormente como persoa autorizada polos pais/nais ou representantes legais do/a neno/a. Deberá presentar sempre o seu D.N.I.

- É responsabilidade dos pais/nais ou representantes legais non permitir cos nenos/as tiren papeis e lixo na entrada a escola.
- Deixar a porta do exterior sempre pechada ó entrar e ó sair.
- Controlar os/as nenos/as evitando carreiras na entrada polo perigo dos coches.

5. Fomento da igualdade nos nenos/as

A escola promoverá a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as nenos/as. Será o centro o encargado de levar a cabo as actividades que se desenvolvan e reflectirase non só nas actividades e material de traballo se non tamén no comportamento habitual das educadoras/es e todo o persoal da escola. Tódalas actividades reflectiranse no Proxecto Educativo do centro e tamén nos deseño curriculares.

A dirección da escola prestará atención especial ó fomento da interculturalidade como instrumento de separación das desigualdades, prexuizos e racismos. A escola promoverá a inclusión dos/as nenos/as con necesidades educativas especiais, fomentando deste xeito a igualdade e o respecto como valores esenciais da convivencia.

6. Comezo do curso

Todos os nenos/as se incorporarán ó centro a partir do día 1 de Setembro. O período de adaptación ó centro será todo o mes de Setembro. No caso de haber prazas vacantes o neno/a que as solicite poderá incorporarse ó centro no mes correspondente.

Durante este mes cada neno/a recibirá o seu material, dependendo da aula. Os costes son os seguintes: (*A facturación de estes costes realizarase na metade do mes de Setembro*)

- 3.** Babys (Aulas 1 – 2 / Aula 2 – 3): 15 €
- 4.** Axenda (Tódalas aulas): 9 €
- 5.** Libro Aula 1 – 2: 32 €
- 6.** Libro Aula 2 – 3: 35 €



7. Réxime de prezos

A relación de prezos e tarifas aprobadas polo centro para o curso 2015 – 2016 queda exposta no taboleiro de anuncios do centro e no Regulamento de Réxime Interno.

Os pagamentos realízanse do 1 ao 4 de cada mes (adiantado) a través de domiciliación bancaria, si viñera o recibo devolto aplicarase o recargo.

As mensualidades pagaranse íntegras aínda que o/a neno/a falte por calquera motivo (viaxe, enfermidade...) salvo nos meses de verán Xullo e Agosto. Se faltase algún mes completo deberá avisar ó centro escolar con 15 días de antelación do inicio do mes de ausencia, de non ser así cobrarase a mensuralidade correspondinte.

8. Equipo de persoal

Dentro do equipo A escola infantil “Mi Primer Paso” conta con tres profesoras de educación infantil e dúas educadoras de apoio, unha delas licenciada en psicopedagogía. Todas reúnen a titulación esixida segundo a normativa vixente que regula os centros infantís.

A escola durante o ano tamén contará, cando sexa necesario, cunha mestra substituta nos casos de enfermidade, vacacións, formación... que reúne a titulación esixida segundo a normativa vixente que regula os centros infantís.

A escola poderá contar eventualmente con persoal en prácticas acollidos a un convenio có centro educativo onde realizan os estudos correspondentes , e realizan as súas prácticas na nosa escola infantil.

9. Actividades coas familias

Creemos necesario que todo o que sucede no centro se estenda ó ámbito familiar, polo que dentro da nosa programación estudamos a necesidade de incorporar ou involucrar a familia de forma mais directa.



Deste xeito conseguimos que a familia se sinta segura o tempo que os seus/súas fillos/as permanecen no centro. O longo da nosa experiencia, recolleemos unha serie de temáticas e preocupacións xeneralizadas entre as familias: alimentación, soño, terrores nocturnos, rabietas, desenrolo da linguaxe, control de esfínteres, etc.

Para nos a mellor maneira de abordalas é facendo a “Escola para pai se nais”, charlas orientativas coa presenza de especialistas. Se realizarán mínimo tres charlas ó longo do curso, e todas serán en horario de tarde a partir das 19:00.

Ademais realizaremos todos/as xuntos/as a excursión de fin de curso e durante o ano as familias poderán participar nas festas que se celebrarán durante o curso, colaboración nas saídas ó exterior, participación nas reunións de carácter informativo, etc.

A familia forma parte do centro por iso estamos sempre dispostos a promover calquera actividade ou reunión que solicite a familia.

NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUCTURA DO CENTRO

A escola conta con tódalas medias de seguridade e hixiene estipuladas no Decreto 329/2005 do 16 de agosto.

O centro consta de :

- Plan de actuación para os casos de emerxencia.
- Póliza de responsabilidade civil e accidentes.
- Libro de reclamacións a disposición dos usuarios/as.
- Proxecto educativo do centro.
- Libro de rexistro dos usuarios/as.
- Expediente individual onde constan os datos educativos, familiares, etc.